



PLAN DIXITAL

IES de MUGARDOS

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

IES de Mugardos

Rúa do Rúa o Cristo, s/n, 15620 Mugardos, A Coruña

ies.mugardos@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos>

O IES Mugardos atópase na comarca de Ferrol. Na actualidade conta cunha media anual de 250 alumnos procedentes dos concellos de Ares e Mugardos e 33 profesores e Orientadora. É un centro de liña dous, que ofrece formación na ESO, Bacharelato e unha Formación Profesional Básica na modalidade de Agroxardinería e Composicións Florais.

O nivel educativo no centro é baixo, aínda que está a mellorar notablemente nos últimos anos.

O nivel socio-económico tamén é medio-baixo, aínda que con certa homoxeneidade.

A dotación cultural municipal é axeitada ao número de poboación, destacando a existencia de bibliotecas, centros sociais, aula de informática e un centro de interpretación arqueolóxica.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro

Cos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), o ámbito de influencia do IES Mugardos, nos concellos de Mugardos e Ares, incluíríase en liñas xerais dentro dun nivel socioeconómico medio/baixo. Os índices máis preocupantes son o envellecemento demográfico, o movemento migratorio e o desemprego, salientablemente o desemprego xuvenil.

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.

A adaptación do centro ás novas tecnoloxías ten sido unha prioridade ao longo dos últimos anos. En todos os documentos do centro figura como unha prioridade ou liña de traballo principal.

Relación con outros Plans e proxectos do centro

Desde hai xa bastantes cursos, o centro participa nos seguintes plans:

- Abalar: dotación de todas as aulas e rede wifi.
- EspazoAbalar / AbalarMóviles: mensaxaría e comunicación coas familias.
- EDIXGAL: 1.º e 2.º ESO e acceso á plataforma EVA de libros dixitais de todas as materias destes cursos.
- Webs dinámicas: actualización da páxina web do centro (Drupal) e mantemento da aula virtual (Moodle).
- Escolas Conectadas 2.0: mellora da conectividade.

- Kits dixitais: préstamo de equipamento a alumnado con necesidades detectadas durante a pandemia a través de educovid.
- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares: xestión bibliotecaria (Meiga e Koha) e E-lbe (préstamo de libros dixitais).
- PFPP: O plan de formación do profesorado no centro vén recollendo o itinerario TIC coa formación neste eido de varios seminarios ou grupos de traballo arredor.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

A posta en marcha do PD será recollido como un obxectivo de centro para o curso 22/23. Asemade, manterase entre as liñas de traballo prioritarias a liña TIC co obxectivo de manter a actualización permanente do centro nas novas tecnoloxías.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Os centros educativos forman parte dun mundo en permanente cambio e unha sociedade cada vez máis dixitalizada. O profesorado necesita un conxunto de competencias cada vez máis amplo que o axude a desenvolverse nun entorno dixitalizado e cumprir co deber de axudar ao alumnado para ser dixitalmente competente e así acadar unha cidadanía dixital plena.

A adaptación a este entorno dixitalizado en permanente cambio precisa da elaboración dun marco de acción que permita acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das tecnoloxías na educación, desde aqueles relacionados con cuestións organizativas, ata outros máis pedagóxicos e propios dos procesos de ensino e aprendizaxe. O presente Plan Dixital ten como finalidade o desenvolvemento deste marco de acción.

Normativa aplicable utilizada para a elaboración do Plan Dixital:

- **Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.** Esta lei regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa. Establece que o proxecto educativo do centro recollerá a estratexia dixital do centro. Tamén contempla que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe. Por outra banda establece que as Administracións educativas promoverán a utilización das TIC e a formación en dixitalización de todo o profesorado. Tamén corresponde ás Administracións educativas fomentar programas de investigación e innovación, impulsando o traballo colaborativo e as redes profesionais e de centros para o fomento da formación, a autoavaliación e a mellora da actividade docente.
- **Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021,** da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

- **Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022: sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.
- **Resolución do 3 de setembro de 2021**, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022. Esta resolución establece que a transformación dixital dos centros educativos atenderá ás tres dimensións establecidas polo **Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes (DigCompOrg)**: pedagóxica, tecnolóxica e organizativa. Como ferramentas para o diagnóstico da situación de partida do centro indica o uso das ferramentas SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente.

1.4. Proceso de elaboración

Para a organización e elaboración do Plan Dixital recórruse a reunións do Equipo de Dinamización do Plan Dixital e traballo individual dos seus membros tomando como referencia as instrucións da Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional e seguindo as indicacións da mentorización do Plan Dixital impartida polo CFR.

O Equipo de Dinamización do Plan dixital está formado por 6 membros:

- 3 membros do Equipo Directivo
- Coordinador E-DIXGAL
- Coordinador Abalar
- Dinamizadora Abalar

No primeiro trimestre fíxose a enquisa SELFIE a todo o alumnado e profesorado do centro.

No segundo trimestre o profesorado realizou o Test de Competencia Dixital Docente.

Baseándose nos resultados do informe SELFIE e do Test de Competencia Dixital Docente o Equipo de Dinamización do Plan dixital elaborou o informe da situación de partida que inclúe a análise DAFO da situación do centro.

A partir deste informe da situación de partida se propuxeron os obxectivos deste plan, que logo se complementan cas accións necesarias para acadalos, a temporalización e os indicadores de logro para avaliar a consecución dos obxectivos.

A última fase consistiu na determinación dos procesos de avaliación e difusión do plan.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro

- A conectividade é un dos aspectos peor valorados polo profesorado (mais dun 90% na enquisa SELFIE).
O centro está dotado dunha conexión a internet de tipo sen fíos. A velocidade da conexión é bastante xusta e tende a ser bastante irregular.
- En canto a infraestrutura de voz, contase cunha liña telefónica de cable.
Todas as aulas, Biblioteca, Sa de Profesores, Administración e Departamentos están dotadas con rede cableada. A maioría das aulas están dotadas cun punto de acceso de rede sen fíos. Carecen deste punto de acceso de rede sen fíos a Aula de Debuxo, a Aula de Tecnoloxía e a Aula de Informática. A ausencia de puntos de acceso de rede sen fíos na sala de profesores e departamentos fai que a conexión sen fíos neste sitios sexa moi difícil. O pavillón deportivo carece de conexión á rede (nin cableada nin sen fíos).

Equipamento dispoñible e identificación dos usos

A situación en canto a equipamento dixital pódese obter como resultado da enquisa SELFIE. Sobre a metade do profesorado e máis da metade do equipo directivo considera o equipamento dixital como insuficiente. Debido as limitacións organizativas impostas pola COVID-19 a Aula de Informática está limitada a cursos de un máximo de 16 alumnos/as. Por este motivo alumnado de 3º da ESO non pode ter acceso a Aula de Informática. So pode empregar os equipos da Biblioteca nos recreos.

De seguido exponse brevemente o equipamento do centro e unha breve avaliación do seu estado.

- Aulas dixitalizadas: son 11 aulas xenéricas e ademais unha aula de Música, unha aula de Plástica e unha aula de Tecnoloxía. Case todas as aulas están dotadas cun ordenador para o profesor, canón proxector e encerado dixital. A maiores, a aula (Aula 5) está dotada con 5 ordenadores para uso do alumnado, pero non se usan por motivo das medidas derivadas da COVID-19. En 2 aulas está instalado un encerado dixital que xa incorpora o ordenador. A maioría dos ordenadores destas aulas son ordenadores portátiles. En varias aulas hai problemas recorrentes ca instalación de son dos encerados dixitais.
- Proxecto E-Dixgal: son 4 aulas empregadas polo alumnado de 1º e 2º da ESO. O alumnado destes cursos dispón dos equipos individuais do programa E-Dixgal. Os ordenadores do profesor destas aulas son ordenadores portátiles. En varios casos a velocidade destes ordenadores é bastante lenta, con tempos de arranque prolongados.
- Equipos de xestión e administración: tanto na secretaría do centro, coma nos despachos do equipo directivo cóntase con ordenador e impresora.
- Uso na biblioteca: a biblioteca está dotada con 9 ordenadores (8 para uso do alumnado e 1 para xestión) e canón proxector.

- Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos: a sala de profesores está dotada con 3 ordenadores de sobremesa e unha impresora. Os Departamentos tamén están dotados con ordenadores pero poucos contan con impresora. A impresión realízase maiormente no servizo de reprografía da conserxería.
- Equipos ultrapotátiles para aula móbil: non hai ningún.
- Aulas de informática: o centro conta cunha aula de informática de tamaño reducido. Inicialmente estaba dotada con 13 ordenadores (incluíndo o ordenador do profesor) altofalantes e canón proxector. Non ten encerado dixital. Dotouse provisoriamente con 4 ordenadores máis e paneis de separación dada a necesidade de ter so un alumno/a por ordenador debido á COVID-19. O equipamento é variado. Xunto con 8 ordenadores relativamente novos hai 4 que datan do 2006 e outros 4 que foron reacondicionados (de 2ª man). Tamén dispón dunha impresora e unha impresora 3D.
- Dotacións para proxectos específicos: non hai ningún.

O sistemas operativos usados para docencia son bastante variados. Emprégase maiormente Linux: Ubuntu e Abalar. Hai algúns equipos dotados de Windows 10.

Na secretaría e despachos de dirección emprégase Windows 10.

En canto ao estado dos equipos é bastante variado. Varias aula foron dotadas de altofalantes na mesa do profesor pois a conexión do son e dos encerados dixitais ten moitos fallos. Algún encerado dixital non funciona. O tempo de arranque dos ordenadores de varias aulas é bastante longo. En xeneral son equipos que xa teñen bastantes anos.

Servizos dixitais educativos

O centro dispón de unha páxina web dotada cun blog para o profesorado.

En canto a aulas virtuais, dispónse de dúas plataformas:

- A plataforma E-DIXGAL, para o alumnado de 1º e 2º da ESO.
- A aula virtual Moodle que proporciona a Consellería de Educación para o resto do alumnado.

Para a comunicación cas familias, emprégase de xeito regular a plataforma Abalar.

Emprégase o correo electrónico dunha conta de Google Classroom como correo electrónico para o alumnado. Non se empregan os outros servizos da conta de Google Classroom.

Xestión do mantemento do equipamento do centro

Na enquisa SELFIE recóllese que bastante máis da metade do profesorado (80% na ESO e 50% no Bacharelato) considera como insuficiente o apoio técnico.

O mantemento dos equipos é realizado pola empresa Galitelco de xeito periódico (unha mañá na semana).

A maiores os membros do equipo de Dinamización Abalar colabora en tarefas de mantemento sinxelas.

Ademais dispónse do servizo da Unidade de Atención a Centros (U.A.C.)

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC

Plan de continxencia:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/?q=node/2067>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a análise DAFO empregáronse os resultados a autoavaliación SELFIE eo test CDD

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,8	3,6	3,3	
	Profesorado		2,8	3,1	3	
	Alumnado		-	-	-	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,3	3,4	3,5	
	Profesorado		2,7	3	-	
	Alumnado		3	2,6	3,1	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,8	3,4	3,7	
	Profesorado		3,1	3,3	3	
	Alumnado		3,3	2,9	3,3	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,7	3,8	3,4	
	Profesorado		3,2	3,2	-	
	Alumnado		-	-	-	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4	3,7	3,9	
	Profesorado		3,9	3,6	4	
	Alumnado		3,9	4,1	3,6	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,3	3	3,5	
	Profesorado		3,5	3,4	3	
	Alumnado		3,1	2,8	3,2	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,3	3,4	3,6	
	Profesorado		2,8	2,6	4	
	Alumnado		2,7	2,4	2,9	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,6	3,7	3,9	
	Profesorado		3,1	3,2	3	
	Alumnado		3,3	2,6	3,1	

Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	18	24	75
PROVISIONAL	3	5	60
INTERINO	4	4	100
SUBSTITUTO	0	2	0
DESPRAZADO	-	-	-

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
69,3	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	70	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	68,8	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P	69,3	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)
ESO adult	57	Explorador/a (A2)	75,9	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	3	12,5
A2	6	24,7
B1	12	48,5
B2	4	16
C1		
C2		
TOTAL	25	100,00

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. O centro dispón de aula virtual e páxina web 2. O Centro está no plan EDIXGAL	1. Falta de equipamento tecnolóxico e espazo físico.
	PERSOAL DOCENTE	1. As formacións nas que se participa acadan bos resultados. 2. O centro está a integrar de forma solvente as TIC na pedagogía. 3. Filosofía de centro participativa e aberta á actividades e proxectos en xeral e de carácter tecnolóxico en particular.	1. O profesorado pensa que non hai cultura de colaboración e comunicación 2. O alumnado e o profesorado pensan que a avaliación non utiliza adecuadamente as TIC. Soamente na documentación da aprendizaxe. 3. O profesorado considera que non hai tempo para explorar a ensinanza dixital. 4. O profesorado pensa que falta colaboración con outros centros /organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.
	PERSOAL NON DOCENTE	1. O Persoal non docente é propenso á dixitalización en moitos aspectos(EX: encargos de fotocopias online)	1. Faltan medios para o persoal non docente: ordenadores vellos e uso por riba das súas posibilidades.
	ALUMNADO	1. O alumnado de 1º e 2º da ESO dispón do equipamento do programa EDIXGAL	1. O alumnado ten a percepción de que non está implicado. Habería que buscar máis implicación do alumnado. 2. O centro parece que ten un déficit na medida do uso da habilidade de programar e de resolver problemas técnicos. 3. O alumnado pensa que no centro non pode utilizar a tecnoloxía para realizar observacións sobre o traballo dos seus compañeiros.
	FAMILIAS	1. Comunicación fluída coas familias empregando as ferramentas institucionais (Abalar móbil)	1. Falta de equipamento tecnolóxico en moitas familias, restrinxido ao teléfono móbil.
	OFERTA	1. Ampla oferta de materias	1. Falta de espazo físico
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Presenta ratios de alumnado por grupo non moi elevadas para fomentar a renovación pedagóxica.	1. O profesorado considera que non hai unha estratexia dixital. 2. O profesorado considera que no centro non hai un plan para axudar aos profesores a afrontar os desafíos que xorden co aprendizaxe mixto, relacionados cas necesidades de aprendizaxe dos alumnos e o seu contexto socioeconómico.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Oferta de plataformas institucionais relacionadas cas tecnoloxías dixitais, ex. Abalar, Agueiro.	1. Inestabilidade continuada do claustro docente (xubilacións, redución de cadro de persoal...)
	LEXISLACIÓN	1. Aparición de materias novas coma a intelixencia artificial.	1. Continuos cambios legislativos gubernamentais
	CONTORNA	1. Mellora das comunicacións e dotación de infraestrutura tecnolóxica (fibra óptica...) e culturais (biblioteca municipal...) 2. Mellora do equipamento tecnolóxico nas familias.	1. Descenso demográfico e diminución do alumnado. 2. Depresión económica causada polas actuais crises (Ucraina, COVID-19). 3. Acceso limitado do alumnado a unha conexión estable de internet nas zonas rurais.
	ANPA	1. Predisposición de colaboración	
	OUTRAS ENTIDADES	1. Predisposición á colaboración con axentes locais públicos e privados.	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a elaboración do plan de acción fíxose unha reunión do grupo de traballo na que se escolleron aqueles puntos do DAFO do apartado de debilidades que eran factibles de solucionar ou a lo menos paliar, sempre tendo en conta os recursos dispoñibles (tanto humanos como materiais). Para eso tamén tivéronse en conta as fortalezas que puideran axudar. Isto permitiu determinar as seguintes áreas prioritarias:

- Infraestrutura
- Desenvolvemento profesional
- Prácticas de liderado e gobernanza
- Prácticas de avaliación
- Prácticas de ensinanza e aprendizaxe
- Contidos e currículos
- Colaboración e traballo na rede

De seguido fixéronse as propostas de obxectivos que tratasen de superar as debilidades elixidas. Fíxose unha reflexión sobre os obxectivos propostos para confirmar que fosen específicos, medibles, relevantes para o fin buscado e que fosen factibles nos prazos previstos. Tamén tívose en conta a dispoñibilidade orzamentaria do centro cara o próximo curso.

Unha vez propostos os obxectivos os membros do grupo de traballo foron determinando para cada obxectivo os indicadores, prazos, as accións precisas.

Algúns obxectivos se descartaron nesta fase ao comprobar que non eran factibles.

Algúns dos obxectivos precisarán de 2 cursos para acadarse.

Os obxectivos propostos son os seguintes:

1. Organizar a Aula 5 como aula informática
2. Actualizar e mellorar a dotación tecnolóxica da biblioteca
3. Acadar a operatividade en rede do servizo de dixitalización e copias do centro
4. Ampliar o programa EDIXGAL, tentando que chegue o maior número de equipamento
5. Elaborar normas de xestión e emprego dos equipos informáticos do centro
6. Elaborar medidas que axuden ao profesorado a afrontar os desafíos que xorden co aprendizaxe mixto
7. Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais colaborativas
8. Fomentar a cultura de colaboración e comunicación
9. Implementar actividades colaborativas entre distintos centros educativos da comarca.
10. Crear un Polo Creativo no centro

De seguido recóllense as táboas cos obxectivos e as accións precisas para cada obxectivo, así como os indicadores, prazos, responsables e recursos necesarios.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Infraestrutura						
OBXECTIVO 1:	Organizar a Aula 5 como aula informática				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo/ Equipo de Dinamización do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Nº de ordenadores operativos e puntos de rede.					
Valor de partida:	5 ordenadores e 10 puntos de rede					
Valor previsto e data:	20 ordenadores e 20 puntos de rede			Fin do curso 2023/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Adquisición de 5 ordenadores	Equipo de Dinamización do Plan Dixital	20 de decembro do 2022	Solicitud de presuposto Orzamento para invertir en infraestrutura de 5000€ para o curso 2022/2023		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Adecuar o espazo. Instalar 10 puntos de rede. Realizar a instalación eléctrica necesaria para 10 ordenadores.	Equipo Directivo Equipo de Dinamización do Plan Dixital	30 de maio do 2023	Empresa especializada en instalacións eléctricas e de rede. Orzamento para invertir en infraestrutura de 5000€ para o curso 2022/2023		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Adquisición de 10 ordenadores	Equipo de Dinamización do Plan Dixital	20 de decembro do 2023	Solicitud de presuposto Orzamento para invertir en infraestrutura para o curso 2023/2024		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Posta en marcha dos equipos	Equipo de	28 de febreiro do	Solicitud de presuposto a		Realizada	

	Dinamización do Plan Dixital	2024	empresa especializada en instalacións Orzamento para invertir en infraestrutura para o curso 2023/2024		Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestrutura							
OBXECTIVO 2:	Actualizar e mellorar a dotación tecnolóxica da biblioteca					Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo/ Equipo de Dinamización do Plan Dixital /Coordinador da biblioteca					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Nº de ordenadores operativos.						
Valor de partida:	7 ordenadores						
Valor previsto e data:	10 ordenadores e equipamento para o proxecto de radio				2º trimestre do curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO2.1: Adquisición de 5 ordenadores e equipamento para o proxecto de radio	Equipo de Dinamización do Plan Dixital	1º Trimestre do curso 2022/2023	Solicitud de presuposto Orzamento para invertir en infraestrutura de 5000€ para o curso 2022/2023			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2: Posta en marcha dos equipos	Equipo de Dinamización do Plan Dixital	28 febreiro 2023	Solicitud de presuposto a empresa especializada en instalacións Orzamento para invertir en infraestrutura de 5000€ para o curso 2022/2023			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional						
OBXECTIVO 3:	Acadar a operatividade en rede do servizo de dixitalización e copias do centro				Acadado	
Responsable:	Equipo de dinamización do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Nº de participantes					
Valor de partida:	0 conserxes teñen a formación precisa					
Valor previsto e data:	2 conserxes acadan a formación precisa e o equipo está instalado			Ao remate do curso 2022/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Adquisición do equipo	Equipo directivo	1º Trimestre do curso 2022/2023	Solicitud de presuposto Orzamento para invertir en infraestrutura de 5000€ para o curso 2022/2023		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Posta en marcha do equipo	Equipo de Dinamización do Plan Dixital	1º Trimestre do curso 2022/2023	Solicitud de presuposto a empresa especializada en instalacións Orzamento para invertir en infraestrutura de 5000€ para o curso 2022/2023		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Formación dos participantes	Equipo Directivo Equipo de Dinamización do Plan Dixital	2º Trimestre do curso 2022/2023	Equipamento instalado na conserxeria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestrutura / Prácticas de ensinanza e aprendizaxe / Contidos e currículos

OBXECTIVO 4:	Ampliar o programa EDIXGAL, tentando que chegue ó maior número de alumnado posible			Acadado		
Responsable:	Coordinador EDIXGAL			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Cursos nos que está en vigor o programa EDIXGAL					
Valor de partida:	Implantado en 1º e 2º da ESO					
Valor previsto e data:	Implantado en tódolos cursos da ESO			Ao remate do curso 2022/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Plantexamento da extensión do programa EDIXGAL no claustro e CCPS	Coordinador EDIXGAL	1º Trimestre do curso 2022/2023	Convocatoria dos órganos de goberno do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Prácticas de liderado e gobernanza

OBXECTIVO 5:	Elaborar normas de xestión e emprego dos equipos informáticos do centro			Acadado	
Responsable:	Equipo de dinamización do Plan Dixital			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de carteles e de profesorado participante no foro				
Valor de partida:	0				
Valor previsto e data:	1 cartel por aula/ 5 profesores e profesoras participantes no foro			Ao remate do curso 2022/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Elaboración e publicitación das normas de uso xerais dos ordenadores	Equipo de dinamización do Plan Dixital	1º Trimestre do curso 2022/2023	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2:Elaboración de cartelería	Equipo de dinamización do Plan Dixital	1º Trimestre do curso 2022/2023	Ordenadores Conserxería Papelería		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Creación dun foro nunha AV adicada á comunicación co profesorado que recolla as peticións e dúbidas sobre formación e equipamento...	Equipo de dinamización do Plan Dixital	1º Trimestre do curso 2022/2023	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional						
OBXECTIVO 6:	Elaborar medidas que axuden ao profesorado a afrontar os desafíos que xorden co aprendizaxe mixto				Acadado	
Responsable:	Equipo de Dinamización do Plan Dixital / Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Entradas de consulta a un foro de axuda creado nun curso da aula virtual do centro.					
Valor de partida:	0					
Valor previsto e data:	20			Ao remate do curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
				SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO6.1: Dar cursiños do manexo das aulas virtuais E-DIXGAL	Dirección	1º Trimestre do curso 2022/2023	Aula de informática		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO6.2: Crear un curso na aula virtual do centro adicado a recoller documentación sobre o uso das aula virtuais e enlaces aos cursos relacionados cas aulas virtuais dispoñibles nos CFR.	Equipo de Dinamización do Plan Dixital	1º Trimestre do curso 2022/2023	Aula virtual do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO6.3: Crear no curso do apartado anterior un foro no que o profesorado poda consultar as dúbidas que xorden co aprendizaxe mixto.	Equipo de Dinamización do Plan Dixital	1º Trimestre do curso 2022/2023	Aula virtual do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Prácticas de avaliación					
OBXECTIVO 7:	Desenvolver instrumentos de avaliación empregando ferramentas dixitais colaborativas				Acadado
Responsable:	Xefatura de Estudos				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de rúbricas e outros instrumentos de avaliación creados e compartidas na aula virtual				
Valor de partida:	0 rúbricas e outros instrumentos de avaliación creados e compartidas na aula virtual do centro				
Valor previsto e data:	10 rúbricas e outros instrumentos de avaliación creados e compartidas na aula virtual do centro			Ao remate do curso 2022/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
				SEGUIMENTO DA ACCIÓN	

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO7.1: Creación dun grupo de traballo interdisciplinar para deseñar as rúbricas e outros instrumentos da avaliación comúns.	Xefe/a de estudos	1º trimestre do curso 2022/2023	Convocatoria		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO7.2: Determinación de tarefas conxuntas/ interdisciplinarias que sexan avaliáveis mediante rúbricas...	Grupo de traballo	2º trimestre do curso 2022/2023	Actas de reunións Rúbricas		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO7.3: Publicación e proba das rúbricas e outros instrumentos de avaliación. Revisión se é o caso.	Grupo de traballo	3º trimestre do curso 2022/2023	Rúbricas e outros instrumentos de avaliación		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Colaboración e traballo na rede					
OBXECTIVO 8:	Fomentar a cultura de colaboración e comunicación				Acadado
Responsable:	Coordinador do Equipo de dinamización do Plan Dixital				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de profesores que soben materiais e comparten enlaces a recursos nun curso da aula virtual creada ao efecto				
Valor de partida:	0				
Valor previsto e data:	10 profesores			Ao remate do curso 2022/2023	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO8.1: Creación dun curso na aula	Coordinador do	1º trimestre do	Aula virtual do centro		Realizada

virtual compartida por todo o profesorado	Equipo de dinamización do Plan Dixital	curso 2022/2023			Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Publicitación das plataformas institucionais para compartir recursos e colaboración entre o profesorado: Abalar, Agueiro...	Coordinador do Equipo de dinamización do Plan Dixital	2º trimestre do curso 2022/2023	Páxina web e aula virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Colaboración e traballo na rede

OBXECTIVO 9:	Implementar actividades colaborativas entre distintos centros educativos da comarca.	Acadado	
Responsable:	Equipo de dinamización do Plan Dixital	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de actividades realizadas que se reflectirán nas páxinas web dos distintos IES		
Valor de partida:	0		
Valor previsto e data:	2 actividades.	Ao remate do curso 2022/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO9.1:Plantexamento da actividade nos seguintes claustros e CCPs	Equipo de dinamización do Plan Dixital	1º Trimestre do curso 2022/2023	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.2: Realización de actividades (interdisciplinares ou non) utilizando as TIC entre o alumnado de varios IES da zona.	Profesorado e Departamentos	3º Trimestre do curso 2022/2023	Profesorado Ordenadores Alumnado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO9.3: Publicación das actividades realizadas nas distintas webs dos IES participantes	Profesorado e Departamentos	3º Trimestre do curso 2022/2023	Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestrutura / Prácticas de ensinanza e aprendizaxe / Contidos e currículos							
OBXECTIVO 10:	Crear un Polo Creativo no centro				Acadado		
Responsable:	Coordinador do Equipo de dinamización do Plan Dixital				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Nº de Polos Creativos implantados no centro						
Valor de partida:	0 Polos Creativos implantados no centro						
Valor previsto e data:	1 Polos Creativos implantados no centro			Final do curso 2023/2024			
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO10.1: Informar ao claustro e acadar a aprobación do consello escolar	Equipo directivo Equipo de dinamización do Plan Dixital	1º Trimestre do curso 2022/2023	Convocatoria			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO10.2: Redacción do proxecto	Equipo de dinamización do Plan Dixital Departamentos implicados	3º Trimestre do curso 2022/2023	Unidade Técnica da Xefatura Territorial CFR			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO10.3: Elaborar e presentar a solicitude de creación dun Polo	Equipo de dinamización do	3º Trimestre do curso 2022/2023	Solicitude			Realizada	

Creativo	Plan Dixital Departamentos implicados				Aprazada	
					Pendente	
AO10.4: Crear o Polo Creativo no centro. Elaboración	Equipo de dinamización do Plan Dixital	Final do curso 2023/2024	Equipamento subministrado pola Consellería de Educación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidades de equipamento

- Precísanse 15 ordenadores para dotar a Aula 5 como unha 2ª aula de informática. A aula de informática existente non é dabondo para cubrir as necesidades do centro e ten unhas dimensións reducidas polo que o número de ordenadores que ten instalados é reducido (16 equipos). Ademais das materias de Tecnoloxías da Información e da Comunicación, Tecnoloxía e Tecnoloxía Industrial outras materias tamén teñen elementos do currículo relacionados cas TIC. Por outra banda noutras materias precísanse o acceso a equipamento informático por motivos pedagóxicos.
- Precísanse 5 ordenadores para completar a dotación da Biblioteca. Unha vez superadas as limitacións impostas pola COVID-19 o alumnado precisa acceder a estes equipos nos recreos e tamén empregárase nalgúns materias. Tamén empregárase para desenvolver un proxecto de radio escolar.
- Precísase material para desenvolver un proxecto de radio escolar: 1 mesa de mestura de son, micrófonos, soportes para os micrófonos e cascos.

Necesidades de infraestruturas tecnolóxicas

Adecuar o espazo e a infraestrutura eléctrica e de rede cableada da Aula 5 para permitir a instalación de 10 ordenadores a maiores. A aula está dotada para instalar 10 ordenadores, pero precísanse a infraestrutura poder instalar outros 10 equipos. A finalidade desta mellora da infraestrutura é dotar a esta aula como unha segunda aula de informática e cun maior número de ordenadores que a existente. Ademais das materias directamente relacionadas cas TIC outras materias tamén teñen elementos do currículo relacionados cas TIC e a Aula de Informática actual non é dabondo.

4. Avaliación do plan

Avaliación procesual

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital reunirse unha vez ao trimestre para realizar a o seguimento do desenvolvemento do plan e a consecución de obxectivos. Os aspectos a valorar serán:

- O estado da execución das accións
- A análise e valoración dos resultados

Nesta reunión valorarase realizar modificacións das accións que o precisen e propostas de mellora.

Avaliación final

No último trimestre o Equipo de Dinamización do Plan Dixital reunirse para facer unha avaliación final do plan. Nesta avaliación tomarase como referencia a valoración do logro dos obxectivos. Para eso tomarase como referencia os indicadores dos obxectivos que se recollen nas táboas dos obxectivos. A maiores realizarase unha enquisa SELFIE no 3º trimestre para valorar a evolución da competencia dixital no centro.

En función desta avaliación realizaranse as propostas de mellora que se considere precisas.

5. Difusión do plan

Estratexias para a difusión do plan dixital			
Acción	Destinatarios	Canal	Responsable
Publicación na Aula Virtual e páxina Web do centro	Comunidade educativa	Web	Dirección
Órganos de goberno	Consello escolar: representantes e docentes da comunidade educativa	Reunión presencial ou telemática	Dirección
Exposición pública na sala de profesorado	Profesorado	Copia impresa	Equipo de Dinamización do Plan Dixital